Programa de asesoría musical intensiva co produtor Juan de Dios Martín

Organizado por:

fundación sgae

DESTINATARIOS:

Programa de asesorías personalizado de tres días de duración. Poden participar socios e socias de SGAE residentes en Galicia que, ademais, sexan intérpretes das súas propias obras ou pertenzan a un grupo musical que as interprete e estean a traballar nun proxecto musical que estea a buscar a súa dirección.

No caso de que se presenten autores musicais cunha banda, poderán participar varios membros na formación presencial ata un límite de tres persoas sempre e cando o 50% dos integrantes do grupo musical sexan socios de SGAE.

Non é necesario que o proxecto estea rematado. Ao contrario: o espazo está pensado precisamente para traballar sobre aquelas cancións que xeran dúbidas, están bloqueadas ou necesitan unha ollada externa para avanzar.

Cada participante poderá compartir o seu proxecto, explicar en que punto se atopa e expor que lle gustaría resolver durante a asesoría, que será compartida entre os tres proxectos seleccionados. Buscamos persoas candidatas que queiran compartir o proceso e aprender tamén dos proxectos dos demais.

DESCRICIÓN e OBXECTIVOS:

Apúntate se necesitas que alguén con experiencia escoite o teu traballo. Que faga as preguntas adecuadas. Que cuestione algunhas decisións e confirme outras. E, sobre todo, que te axude a atoparte na túa música.

Seleccionaranse só tres proxectos de entre todos os candidatos para recibir asesoramento intensivo de Juan de Dios Martín. Queremos que todos poidan participar activamente e que cada proxecto teña o tempo e a atención que necesita.

Durante a asesoría escoitaremos, analizaremos e traballaremos cos tres proxectos seleccionados, valorando e actuando sobre:

Canción e contexto: A identidade do tema reflicte a identidade da persoa autora? Que transmite e que se quere transmitir? Que función desempeña dentro do proxecto e do repertorio?

Composición: Melodía, harmonía, letra
Produción: Estrutura, arranxo, orquestración, gravación
Ideas e optimización: Que facer cos recursos dispoñibles

Obxectivos do obradoiro:

- Desenvolver unha escoita compartida sobre o propio traballo.
- Identificar que funciona, que necesita ser revisado e que pode potenciarse nunha canción ou produción.
- Aprender a tomar decisións musicais con maior intención e criterio.
- Atopar e reforzar a identidade de cada proxecto.
- Desbloquear cancións e producións que se atopan nun punto de incerteza.
- Aprender tamén a través da escoita e a análise dos proxectos doutros participantes.
- Adquirir ferramentas de análise que permitan afrontar futuros proxectos con maior autonomía

COMO PARTICIPAR

Cóntanos sobre o teu proxecto e envíanos ata un máximo de tres temas en proceso de creación, xunto cunha breve descrición de en que punto se atopa e que che gustaría resolver durante a asesoría. Acompáñao de ligazóns á páxina web ou perfís de plataformas de música en streaming onde poder escoitar ou ver o teu traballo musical.

Material a enviar:

1.- Envía ata un máximo de tres temas musicais en formato audio ou vídeo descargables (mp3/mp4)
2.- Carta de intencións dos obxectivos que esperas acadar ou describindo o intre creativo no que estás e o que queres acadar co traballo que envías. Non esquezas incluír os teus datos privados (nome completo/dirección/teléfono/dni e nº socia ou socio SGAE/SGAE). En caso de participar en representación dunha banda musical, envía esta mesma información de todos os participantes ou membros da formación.
3.- Ligazóns á páxina web ou a plataformas de música en streaming onde teñas o teu ou o voso traballo.
4.- Autorización asinada segundo modelo da web, por cada un dos autores ou autoras e por todos e cada un dos compoñentes do grupo musical que se presente, autorizando a Fundación SGAE/SGAE ao uso dos seus datos de carácter privado para todas as xestións necesarias para a súa participación nesta convocatoria. Esta autorización é imprescindible.

RELATOR:

Juan de Dios Martín

Desde os seus primeiros anos, a curiosidade por entender como está feita a música marcou o seu camiño. O que comezou experimentando con teclados, guitarras e os primeiros dispositivos electrónicos converteuse co tempo nunha carreira dedicada á creación e produción musical. Tras anos tocando en directo e gravando con diferentes bandas, entre elas Los Limones, montou o seu propio proxecto, Cambio de Planes. A gravación do seu primeiro disco espertou o interese doutros artistas polo seu xeito de traballar o son, levándoo a descubrir a súa verdadeira vocación como produtor.

En 2006 abriu Casadiós, o seu estudo de gravación en Madrid, desde onde desenvolveu proxectos musicais para artistas de diversos estilos, ademais de traballos para publicidade, cine e televisión. A súa inquedanza por seguir aprendendo levouno a formarse con algúns dos produtores e enxeñeiros máis influentes da industria, como Al Schmitt, Bruce Swedien, Eddie Kramer, Michael Brauer, Andy Wallace, Andrew Scheps, Chris Lord-Alge ou Manny Marroquin, entre outros, chegando a colaborar con varios deles.

En 2014 trasladouse a Los Angeles para ampliar a súa actividade profesional. Durante esta etapa, recibiu catro nomeamentos aos premios Grammy. Tamén formou parte do Comité Executivo da sección de Los Angeles da Audio Engineering Society, impulsando a iniciativa que converteu esta sección na primeira bilingüe dos Estados Unidos dentro da organización.

Meterse no espírito de cada canción e deixar que a personalidade do artista brille a través dela é a súa marca da casa. Isto pódese apreciar no seu amplo abano de producións para artistas tan recoñecidos como Amaral ou Alejandra Guzmán; lendas do rock como Barón Rojo;

bandas emerxentes como De Ninghures ou Los Acebos; ou estrelas independentes como Xoel López, El Kanka, Vega ou La Santa Cecilia. A súa habilidade técnica tamén foi un factor decisivo para confiarlle as novas mesturas da obra mestra do flamenco "La leyenda del tiempo", de Camarón.

Actualmente compaxina os labores de produción musical co asesoramento e desenvolvemento de novos artistas, compartindo a experiencia e os coñecementos adquiridos nos seus máis de trinta anos de carreira. O seu obxectivo é axudar a músicos, produtores e creadores a desenvolver unha comprensión máis profunda da música e do son, transmitindo a mesma paixón e curiosidade que guiaron toda a súa traxectoria profesional.

DATAS, HORARIO e LUGAR DE IMPARTICIÓN:

Datas:
15, 16 e 17 de decembro de 2026

Horario: 10.30-14h e 16-19h

Prazo de inscrición ata o 21 de novembro, enviando as solicitudes xunta o material solicitado a pblanco@fundacionsgae.org

Lugar: Sede SGAE Santiago de Compostela.
Salvadas 2A. Parque Vista Alegre. 15705 Santiago de Compostela

Duración: 19 horas
Prazas: 3

A Fundación SGAE non asumirá gastos de desprazamento ou estancia de seleccionadas ou seleccionados durante o proxecto de asesoría.

SELECCIÓN DO ALUMNADO:

 Os proxectos serán revisados e a selección final de tres proxectos correrá a cargo de Juan de Dios Martín. Unha vez seleccionados, os candidatos contarán con tres días para confirmar asistencia, unha vez comunicada a decisión.

Admitiranse solicitudes ata o 21 de novembro, a través do correo electrónico pblanco@fundacionsgae.org , indicando no asunto da mensaxe o nome da persoa autora ou da formación coa que desexa participar.

INFORMACIÓN:

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Patricia Blanco
pblanco@fundacionsgae.org

www.fundacionsgae.org
www.sgae.es

NOTA: **Fundación SGAE** resérvase o dereito de modificar calquera aspecto do programa se as circunstancias o requirisen.